

**DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE  
MONFORTE DE LEMOS (Lugo)**

**CERTIFICA**

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 28 de xuño do 2021, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**“BASES DO PROCESO SELECTIVO URXENTE DE 3 PEONS DE MEDIO AMBIENTE, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, NO MARCO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).-**

Visto que por resolución do 24 de xuño do 2021 da Xefa Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria foille concedida a este Concello subvención equivalente os custos salariais dos traballadores contratados, maila cotización empresarial a Seguridade Social derivada de ditos salarios, resultantes da contratación de 3 persoas en situación de desemprego para a realización de traballos de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou outras tarefas de valorización forestal no medio natural no termo no municipal do Concello de Monforte de Lemos.

Así como calquera outras que resulten necesarias e axustadas a súas funcións que se lles poidan encomendar.

E visto que por providencia desta concellería de data 28 de xuño do 2021 se ordenou que se redactasen as Bases polos que debería de rexerse a Convocatoria, con especificación do programa, probas e formas de cualificación, conforme dispón a lexislación vixente para a cobertura definitiva de ditas prazas polo sistema de oposición con tramitación urxente.

Polo que antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación ás bases DO PROCESO SELECTIVO URXENTE DE 3 PEONS DE MEDIO AMBIENTE, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, NO MARCO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ESTE CONCELLO PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) do seguinte tenor literal:

**“1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E NORMATIVA APLICABLE**

*É obxecto da convocatoria a contratación de tres traballadores / as desempregados con carácter temporal ( 9 meses a xornada completa) mediante a modalidade de contrato de duración determinada de interese social. O amparo da subvención concedida a este concello pola Conselleira de Economía emprego e industria*



médiate resolución da Xefa Territorial de Lugo da citada consellaría de data 24/06/2021.

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto /decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, así como na ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG nº 73 de 20 de abril do 2021).

1.1. **FUNCÍONS.** O persoal seleccionado realizará Traballo de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou outras tarefas de valorización forestal no medio natural no termo no municipal do Concello de Monforte de Lemos. Así como calquera outras que resulten necesarias e axustadas a súas funcións que se lles poidan encomendar.

#### 1.2 REMUNERACIÓN

PEÓN MA/OBRAS 100%

SOLDO 600'58 €

CD 334'00 €

CE 543'23 €

PPE 246'30 €

TD 1.724'11 €

SS EMPRESA 651'71 €

**COSTE TOTAL**

**MES EMPRES 2.375'83 €**

CSV: 07E5000763C800D9R7M5I2S8M6



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000763C800D9R7M5I2S8M6 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 29/06/2021  
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 29/06/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/06/2021 13:59:26

DOCUMENTO: 20210484296  
Fecha: 29/06/2021  
Hora: 13:59



2.- **REQUISITOS DOS ASPIRANTES.** Para ser admitidos neste proceso de selección as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) *Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia (S.E.P.G) como persoas demandantes non ocupadas dispoñibles. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.*

b) *Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.*

c) *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente.*

d) *Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.*

e) *Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

f) *Ser preseleccionado/a polo S.E.P.G.*

g) *As persoas aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado que acredite tal condición, que deberá ser efectuado polo Órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente, así como, certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.*

h) *Non ter sido contratados, por un período igual o superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no el ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.*

### 3.- **PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.**

#### **PROBA ORAL.**

*Os/as aspirantes preseleccionados polo SEPG serán convocados para a realización da proba do proceso selectivo mediante chamada telefónica o telefono que conste nos currículos remitidos.*

*Faranse dous intentos para tratar de localizar os/as aspirantes, dos cales se deixará debida constancia en dilixencia asinada polo/a funcionario/a encargado.*



*Na mencionada chamada informarase ó/a aspirante preseleccionado/a polo SEPG de que deben acudir ás dependencias municipais para recoller notificación persoal da convocatoria, no prazo indicado ó efecto, máximo os dous días hábiles seguintes a recibir a chamada.*

*Advírtese ós/as aspirantes que de non ser localizados telefonicamente, e ou, non acudir a recoller a notificación persoal as dependencias municipais, conlevará os prexuízos que poida depararlles, sen responsabilidade algunha ó efecto por parte deste Concello.*

*Co obxecto de evitar, na medida do posible situacións de risco para os aspirantes e respectar ao máximo as medidas de distanciamento social determinadas pola autoridade sanitaria para a prevención de contaxios polo COVID-19, a proba de selección terá carácter oral, e consistirá na acreditación de coñecementos nas materias que, a continuación, se relacionan, como de coñecementos propios das funcións a realizar.*

*O tribunal realizará a proba oral os/as aspirantes, formulándolles cuestións relacionadas coas materias adxuntas.*

*A proba realizarase mediante a contestación a un formulario de dez preguntas previamente realizado polo tribunal, que conterá cuestións relativas tanto as materias que, a continuación, se relacionan como as funcións propias das prazas a desenvolver.*

*Co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a transparencia do proceso, das contestacións feitas polos aspirantes ás preguntas realizadas polo tribunal tomaráse nota escrita que se xuntará ao expediente.*

*Valorarase o nivel de coñecementos e a claridade na exposición dos mesmos, así como a capacidade e disposición para o desempeño das funcións obxecto da selección.*

*A puntuación máxima será de 10 puntos.*

**MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ A PROBA ORAL.**

**TEMARIO.**

*Tema 1. Parques y jardines municipales.*

*Tema 2. Aparato vegetativo de las plantas: partes y función.*

*Tema 3. Características físicas y químicas del suelo. Clases de tierras empleadas en jardinería. Tema 4. Mantenimiento del suelo. Abonado.*

*Tema 5. Reconocimiento de especies.*

*Tema 6. Principales plagas y enfermedades en el jardín. Métodos de lucha.*

*Tema 7. El césped: especies utilizadas en jardinería, plantación y/o siembra, labores de mantenimiento, tipos y características.*

CSV: 07E5000763C800D9R7M5I2S8M6



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000763C800D9R7M5I2S8M6 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 29/06/2021  
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 29/06/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/06/2021 13:59:26

DOCUMENTO: 20210484296

Fecha: 29/06/2021

Hora: 13:59



*Tema 9. La plantación de árboles, arbustos y setos. Concepto generales sobre la poda de árboles.*

*Tema 10. Mantenimiento y manejo de maquinaria de jardinería.*

*O tribunal entrevistará os /as aspirantes, formulándolles cuestións relacionadas co temario adxunto.*

*Valorarase o nivel de coñecementos e a claridade na exposición dos mesmos.*

*Así como a capacidade e disposición para o desempeño das funcións obxecto da selección.*

*A puntuación máxima será de 10 puntos.*

*No caso de empate e non resultar aplicable a lei de igualdade efectiva , mediante sorteo público.*

#### **4.- TRIBUNAL**

*O Órgano de Selección valorará as probas do proceso selectivo. A súa composición será colexiada e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.*

*O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a que actuara con voz pero sen voto e cinco vogais así como os respectivos suplentes, será nomeado por resolución da Alcaldía.*

*Todos os membros do órgano de selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior a ensinanza secundaria obrigatoria e ser persoal laboral fixo ou funcionario de carreira ó servizo da Administración Local ou Autonómica.*

*A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo exercerse esta en representación ou por conta de ningún.*

*A Presidencia coordinará a realización das probas e do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade.*

*Todos os membros do órgano de selección terán voz e voto, excepto o Secretario, que terá voz e non voto, salvo no suposto no que o Órgano de Selección, por ausencia dalgún dos seus membros titulares ou suplentes, estea composto por número par.*

*Para a válida constitución do Órgano de Selección requirirase a presenza do Presidente e o Secretario ou, se é o caso, de quen os substitúa, e da metade, polo menos, dos seus vogais, titulares ou suplentes, indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo seu bo desenvolvemento, cualificar as probas establecidas e resolverá cantas incidencias se presenten ou xurdan da aplicación das presentes bases.*

*O órgano de selección, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para todas ou algunhas das probas, asesorando ao órgano de selección exclusivamente no exercicio da súa especialidade técnica, actuando con voz e sen voto.*



*Os membros do órgano de selección deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas.*

*Os aspirantes poderán recusalos cando concorran algunhas de ditas circunstancias ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á función pública nos cinco anos anteriores á convocatoria, de conformidade co disposto na citada lei.*

*As presentes bases interpretaranse no sentido finalista que mellor garanta a preservación dos principios de igualdade, mérito e capacidade.*

*Contra os actos e decisións do órgano de selección, poderase interpor polo/a interesado/a recurso de alzada contra o Alcalde-Presidente, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.*

#### *Abstención e Recusación.*

*Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.*

*O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo.*

*Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei. Actuación do Tribunal.*

*O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario.*

*Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.*

*A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.*

*O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.*

*En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.*



*Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.*

*O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.*

*5. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN. Visto os resultado do exercicio da fase de oposición, o tribunal formulará proposta de contratación, sen que esta poda superar o número de postos convocados, das persoas coa maior puntuación, remitindo dita proposta a alcaldía.*

*A contratación será efectuada polo Sr. Alcalde asinándose o correspondente contrato laboral.*

*A relación dos candidatos que serán contratados se cumpren o previsto na base seguinte, asinada pola Alcaldía, será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal (<http://www.monfortedelemos.es/>).*

*Os restantes candidatos, pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado cese no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo.*

*Igualmente poderá formarse, se a Corporación o estima conveniente, unha bolsa de aspirantes para ser contratados en futuros programas se resultan preseleccionados.*

#### **6.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN/ RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

*As persoas aspirantes que resulten seleccionados e propostas polo Tribunal deberán presentar ó día seguinte o da proposta de contratación os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria. A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:*

*1. Fotocopia compulsada do DNI ou NIE en vigor e da tarxeta da Seguridade Social.*

*2. Tarxeta de demandante de emprego.*

*3. Certificado de conta bancaria.*

*4. Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.*

*5. Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.*

*6. Declaración xurada de continuar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia (S.E.P.G) como persoas demandantes non ocupadas dispoñibles no momento de proceder á firma do contrato. Comprobado que reúnen os requisitos esixidos para*



*o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente ditará decreto resolvendo a contratación e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable .*

*7.- Declaración xurada de non ter sido contratados, por un período igual o superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no el ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.*

#### **7.- NORMATIVA E IMPUGNACIÓN.**

*No non sinalado nas presentes Bases de selección estarase ó previsto na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose ós órganos competentes da Xurisdición Contencioso-administrativa para dirimir as controversias que poidan producirse na aplicación destas bases. Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados/as lexitimados/as os seguintes recursos:*

*Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de seis meses.*

*Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios.*

*Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa.”*

**SEGUNDO.-** Publicar as bases integras no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello.

**TERCEIRO.-** Solicitar o servizo de emprego a oferta de emprego prevista nas bases.”

E para que así conste e coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos. Na data da sinatura dixital.

Vº e Pce.  
O ALCALDE

CSV: 07E5000763C800D9R7M5I2S8M6



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000763C800D9R7M5I2S8M6 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 29/06/2021  
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 29/06/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/06/2021 13:59:26

DOCUMENTO: 20210484296  
Fecha: 29/06/2021  
Hora: 13:59







**FIRMANTE - FECHA**

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 29/06/2021  
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 29/06/2021  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/06/2021 13:59:26

